



TEMA DO PANEL

Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá: situación e perspectivas

MODERADOR

Jaime Ponte

Asociación Galega de Atención Temperá


Ademais de cumprir coa obrigación de garantir os dereitos de cada neno/a, hai múltiples estudo e investigacións que demostraron que o investimento na calidade de vida da primeira infancia é unha das mellores apostas que pode facer un país para facilitar a igualdade, promover sociedades solidarias e impulsar o crecemento económico.

En palabras da OMS e UNICEF é indispensable ofrecer a todos e cada un dos nenos/as un coidado cariñoso e sensible que lles anime a enriquecer o seu desenvolvemento persoal e protéxelos das situacións de adversidade. E, neste sentido, cobra cada vez maior importancia o deseño, financiamento e implementación de políticas públicas que por unha banda apoién a calidade dos procesos de crianza, socialización e educación dos máis pequenos (meta 4.2 dos Obxectivo de Desenvolvemento Sostible) e, por outra, proporcionen Atención Temperá cando hai situacións que poñen en risco inmediato o seu desenvolvemento persoal.

Neste panel, en primeiro lugar intervirá **Jeanet Leguas**, Traballadora Social, especialista en Sistemas de Protección Social, deseño e implementación de oferta pública dirixida á primeira infancia. Jeanet actualmente traballa como encargada Nacional de Chile Crece Contigo na Subsecretaría da Nenez, no Ministerio de Desenvolvemento Social e Familia. Ofreceranos unha perspectiva dos fitos estratéxicos deste programa público, os seus resultados, aprendizaxes e desafíos ata culminar na aprobación dun Sistema de Garantía e Protección Integral de Dereitos da Nenez e Adolescencia (Lei 21.430 aprobada en marzo 2022).

En segundo lugar contaremos coa participación de **José Boavida**, neuropediatra no Centro de Desenvolvemento da Criança do Hospital Pediátrico de Coimbra e Comissário Nacional do Ministério da Saúde do Sistema Nacional de Intervenção Precoce na Infância (SNIPI). O relatorio de José “Implicaciones prácticas da Atención Temperá baseada na evidencia - O modelo portugués, forzas e debilidades” abundará na formulación e experiencias obtidas polo SNIPI a partir da súa aposta transversal por coidar e apoiar as contornas cotiás de cada neno ou nena que precisa Atención Temperá.

Por último, Jose Luís Peña, neuropediatra no Hospital Miguel Servet de Zaragoza e Presidente da Federación Española de Atención Temperá, na súa presentación “Quo vadis Atención Temperá na España”, dará conta do panorama de diversidade que se rexistra na España das Autonomías e dos ensinos que poden extraerse para implementar unha política pública interdepartamental e coherente que coide e atenda á primeira infancia.



A discusión estará pois centrada en reflexionar sobre os retos que implican os novos itinerarios e culturas de crianza, o deseño e implementación de estratexias públicas que favorezan a promoción, prevención e atención temperá do desenvolvemento infantil, o alcance das devanditas políticas, a forma de compaxinar as prestacións universais coas unipersoais, a súa implementación e articulación administrativa.

JEANET LEGUAS VÁZQUEZ

Traballadora Social. Encargada Nacional de Chile Crece Contigo na Subsecretaría da Nenez, no Ministerio de Desenvolvemento Social e Familia

Relatorio: “Implementación do Subsistema Chile Crece Contigo, aprendizaxes e desafíos”.

JOSE BOAVIDA FERNÁNDES

Pediatra do Neurodesenvolvemento (Coimbra). Comisario Nacional do Ministerio da Saúde do Sistema Nacional de Intervenção Precoce de Portugal

Relatorio: “Implicacións prácticas da Atención Temperá baseada na evidencia - O modelo Portugués, forzas e debilidades

JOSE LUÍS PEÑA SEGURA

Neuropediatra (Zaragoza). Presidente da Federación Española de Asociacións de Profesionais da Atención Temperá.

Relatorio: “Quo vadis Atención Temperá na España”